



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ANUNCIO DA DATA DO EXAME DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PEÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

EXPEDIENTE: 2024/G003/000268

O 19 de febreiro de 2024 por Resolución de esta alcaldía n ° 161/2024, aprobáronse as bases reguladoras que rexerán o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego peóns de instalacións deportivas.

Mediante Decreto da alcaldía n° 231/2024 do 08.03.2024 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo e fixouse a data de constitución e valoración de meritos.

Unha vez rematada a sesión do tribunal este acorda fixar a data do exame da fase de oposición e en cumprimento do previsto no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Fixar a data de realización do exame da fase de oposición o vindeiro xoves **21 de marzo as 9:30** horas na Casa do Concello.

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos e na web do concello.
(<https://www.alaracha.gal/>)

Asinado dixitalmente polo sr.alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria Marta Vázquez Garea, dou fe

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo elo sen perxuro de calquera outro recurso o acción que estime procedente.

